



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Educación. sociedade e política educativa		Código	652600005
Titulación	0 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Módulo Xenérico, Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Iglesias Salvado, Jose Luis	Correo electrónico	jose.luis.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Salvado, Jose Luis Rouco Ferreiro, Javier Francisco	Correo electrónico	jose.luis.iglesias@udc.es javier.rouco@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
A5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
A6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A14	Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.	AP1	CM4
Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.	AP5	CM6
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.	AP6	CM7
Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade,	AP10	CM8
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.	AP11 AP14	
Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.		
Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.		
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.		
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- A Teoría e a Socioloxía da Educación. As funcións sociais da Educación.	
2.- A profesión docente e a comunidade educativa.	
3.- A Educación Secundaria a exame. A súa concreción na lexislación ata o momento presente.	
4.- A educación na España contemporánea. As reformas educativas.	
5.-As Institucións escolares en e para a Democracia. A axioloxía na Educación.	
6.-A especificidade do contexto educativo galego. Educación, lingua e sociedade.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	4	10	14
Lecturas	3	15	18
Proba de ensaio	2	0	2
Recensión bibliográfica	6	8	14
Sesión maxistral	14	0	14
Traballos tutelados	12	10	22
Presentación oral	6	10	16
Atención personalizada	0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Supón a utilización de distintos tipos de documentos e fontes relevantes para o estudo da materia que permitan proceder a realizar unha análise e unha posterior utilización na explicación dos procesos educativos e do tratamento dos distintos procesos sociais que arredor dela se desenvolven
Lecturas	Propóñense unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos xunto con unha documentación que o alumnado tera que ler en todos os casos, para proceder logo a recensionar aqueles que oportunamente se lles indicará
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros do alumnado en termos obxectivos para avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión, a organización e comprensión de ideas relativas aos contidos da materia
Recensión bibliográfica	Proceso científico de lectura e anáise crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende ademais da lectura da obra en cuestión, a análise de seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza. No seu momento facilitaranse unhas pautas que permitirán a súa realización.
Sesión maxistral	Faráse unha exposición oral dos temas da guía coa introducción dalgunhas preguntas aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Traballos tutelados	Referidos expresamente a elaboración dun traballo de iniciación na investigación educativa. O alumnado responsabilízase do traballo e a súa posterior redacción seguindo unhas pautas que se lles irán indicando a través dun seguimento preciso e pautado. Estes traballos poden realizarse mesmo en pequeno grupo como de xeito individual
Presentación oral	Exposición de traballos realizados, de xeito individual ou en pequeno grupo, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, o documento en cuestión ou a experiencia abordada

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Recensión bibliográfica Traballos tutelados Presentación oral	Tanto a análise de documentos como os traballos tutelados, así como as recensións bibliográficas e mesmo as presentacións orais serán obxecto dun especial tratamento no que atención personalizada será o eixe e fundamento sobre o que se artellarán as distintas metodoloxías. Todo elo coa finalidade de facer un seguimento preciso do alumnado e das súas actividades de aprendizaxe.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	Baséase na utilización de documentos e fontes relevantes para a súa análise e posterior utilización para explicar a natureza dos distintos contidos e aspectos da materia.	15
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros dos estudantes en termos obxectivos e avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia	30
Recensión bibliográfica	Comprende ademais da lectura dunha obra, a análise do seu contido, unha crítica e posterior valoración da mesma.	15
Traballos tutelados	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo.	20
Presentación oral	Exposición de traballos, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	20

## Observacións avaliación

A asistencia as clases é imprescindible. O límite de asistencia mínimo é do 85%. Calquera circunstancia persoal que poida alteirar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada para a súa oportuna e axeitada consideración. As faltas de asistencia habituais non precisan ser xustificadas mentres non excedan o 20% do total.

Os traballos individuais, entre os que se considera a proba de ensaio, terán un valor do 60% na nota final. Os traballos realizados en grupo un 40%

## Fontes de información



Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías